



Recordatorio de deberes legais dirixida á Consellería de Sanidade para que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería resolva expresamente a solicitude presentado pola promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: A.11.Q/576/24

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, con DNI nº XXX, referente á falta de resposta da Dirección de RR.HH. do CHUO á unha solicitude de permiso electoral para o 28/05/2023.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito, esencialmente, indícanos o motivo da súa queixa ao sinalar:

“En fecha 26 de mayo de 2023, dirixí una solicitud de PERMISO ELECTORAL DE VOTO para las ELECCIONES MUNICIPALES del 28 de mayo de 2023 a la Dirección de Recursos Humanos del Complejo Hospitalario Universitario de Ourense en el que presto mis servicios laborales ya que tenía programada una guardia de presencia física de 24 horas de duración coincidente con dicha fecha.

Al no recibir respuesta por el canal habitual (programa Fides) ni verbalmente (aunque avisé de forma telefónica el mismo día 26) me imposibilitó ejercer mi derecho al voto de manera presencial en dichas elecciones.

Posteriormente, al persistir la falta de respuesta en el programa Fides y que haya reclamado verbalmente en varias ocasiones una explicación sin obtener respuesta, el 6 de noviembre de 2023 realicé una reclamación por escrito con registro de entrada 13823 que se adjunta a esta queja para que se pueda evaluar adecuadamente mi caso.



A fecha de hoy, 9 meses después de la primera solicitud sigue pendiente de respuesta en el programa Fides, y 3 meses después, no se ha recibido respuesta a la reclamación escrita.

En consecuencia, no pude ejercer mi derecho al voto, lo que constituye una privación injusta de uno de mis derechos fundamentales como ciudadano, y la falta de respuesta no sólo vulnera mis derechos como ciudadano, sino que también genera incertidumbre y desconfianza en el funcionamiento de las instituciones.

Ante esta situación, y con el fin de obtener una respuesta oportuna y adecuada a mi solicitud, solicito respetuosamente su intervención para instar a la Dirección de Recursos Humanos del Complejo Hospitalario Universitario de Ourense a que atienda y responda a mi solicitud en el menor tiempo posible.

Agradezco su atención a este asunto y confío en que su intervención contribuirá a resolver esta situación de manera justa y equitativa.”

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración, que nolo remitiu indicando, en esencia:

A ORDE do 26 de abril de 2023, pola que se regula o exercicio dos dereitos electorais do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia nas eleccións convocadas para o 28 de maio de 2023 polo Real decreto 207/2023, do 3 de abril, sinala que o persoal ao servizo de A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que non disfrute do seu descanso semanal o día das eleccións terá dereito a un permiso retribuído de ata catro horas libres para exercer o seu dereito a voto, sempre que a súa quenda de traballo, o 28 de maio de 2023, coincide, polo menos catro horas, co horario no que os colexios electorais permanecerán abertos.

A estes efectos, o persoal ten dispoñible nos aplicativos da organización a vía para solicitar o permiso electoral de voto, dereito que pode exercer dende o momento no que se fai publicidade da convocatoria de eleccións, o 4 de abril de 2023. O persoal de garda ten coñecemento da planificación de gardas coa suficiente antelación para poder solicitar o permiso de xeito que se poida garantir a funcionalidade asistencial do servizo. No caso do Servizo de Análises Clínicas, a planificación está dispoñible dende o día 15 do mes anterior.

Entre as funcións do persoal estatutario dos servizos sanitarios, de conformidade co artigo 19.g da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos sanitarios, existe a obriga de cumprir o réxime horario e xornada, tendo en conta a cobertura dos días adicionais que se establezan para garantir de forma permanente o funcionamento das institucións, centros e servizos.

A estes efectos, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde estableceu as instrucións sobre o procedemento de solicitude de permisos no que se indica que a dirección da correspondente xerencia ou entidade poderá establecer, logo da negociación coa representación do persoal, os prazos cos que se teñen que presentar e as condicións e prazos de resolución. Indica tamén que, en defecto dos ditos acordos ou procedementos específicos de cada centro, aplicaranse con carácter xeral os seguintes criterios: as solicitudes presentaranse con 15 días hábiles de antelación á data de desfrute solicitada, agás nos supostos de acumulación aos permisos por nacemento de filio/a, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento; así como por necesidades de orde familiar ou outras urxentes ou sobrevidas, debidamente xustificadas. Nos supostos mencionados, o prazo de presentación das solicitudes do permiso será de 72 horas. Este feito obedece permitir unha planificación do persoal que procure garantir a continuidade asistencial, cunha cobertura máis estable das ausencias en cada unidade, naqueles postos nos que aquela sexa inaprazable, coma ven sendo o caso que nos ocupa: unha garda médica.

As circunstancias causantes da solicitude eran coñecidas con antelación polo solicitante. Porén, a data de solicitude do permiso por parte da persoa interesada foi cursada fora do prazo de 15 días establecido, e incluso fora do prazo de 72 horas establecido para solicitudes de carácter urxente, sen existir causa xustificada para elo. Cabe destacar que noutros casos, incluso para esta mesma convocatoria electoral, foron concedidos permisos inda sendo presentados con menos destes 15 días de antelación, cando a capacidade de organización o fixo posible. Non se pode poñer en dúbida, polo tanto, a disposición da Xerencia da Área Sanitaria para facilitar aos traballadores o exercicio do seu dereito ao voto.

Porén, no caso da solicitude da persoa interesada, dado que foi presentada o venres inmediatamente anterior ao domingo das eleccións, non foi posible xestionar unha cobertura asistencial da garda que lle correspondía polo período solicitado, polo que se lle comunicou que a súa solicitude estaba fora de prazo e non podía ser autorizada pola Dirección Asistencial, con motivo de garantir a continuidade asistencial no centro sanitario. Dita circunstancia foi comunicada telefonicamente, para garantir o coñecemento desta circunstancia por parte do traballador.

Por outro lado, a existencia da posibilidade de calquera cidadán a exercer o voto por correo ou de maneira presencial, deixa aberta a posibilidade a cada un de exercer dito dereito na modalidade que considere oportuna, polo que como administración non podemos dar por feito que tódolos traballadores van requirir do permiso electoral no día das eleccións. É imprescindible que dita solicitude sexa cursada e aprobada para proceder coa planificación da cobertura da ausencia.

Conclusións

A Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras puxo a disposición de tódolos traballadores os medios para solicitar o permiso electoral de xeito planificado, e garantiu ese dereito a tódolos traballadores que o solicitaron, independentemente do momento da solicitude, sempre que foi posible garantir a continuidade asistencial.

No caso da persoa interesada, consideramos que non ten fundamento na súa queixa, xa que tivo á súa disposición os medios e a información necesarios para considerar exercer o seu voto por correo ou en persoa, solicitando os permisos que considerase necesarios en tempo e forma. Xa que logo, consideramos non se pode responsabilizar a esta administración do feito de que o traballador solicitase dito permiso fora de prazo, no último día laborable antes da quenda de garda coincidente coa co día das eleccións, sen marxe algún para organizar unha cobertura da mesma que garanta os dereitos asistenciais da poboación atendida no centro no que traballa.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira. A queixa motívase na falta de contestación ao escrito da persoa interesada do 6 de novembro do ano 2023 (número de rexistro de entrada 13823) dirixido á Dirección de RRHH do Hospital Universitario de Ourense, solicitando información sobre o permiso que pediu o 26 de maio.

Segundo.- No informe achegado pola Administración xustifícase a non concesión deste permiso solicitado, pero non se achega xustificante da contestación remitida á persoa interesada en canto á súa solicitude de permiso, instada por escrito do 6 de novembro.

Terceira: O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada ás persoas ~~interesada~~ interesadas con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, a solicitude presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigaón legal de ditar resolución expresa en prazo”

Cuarta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a queixa presentada por unha persoa empregada pública, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese organismo o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería debe resolver expresamente a solicitude presentado pola promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da



aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo